



Área / Unidad ALCALDIA PLP.	Documento 00015I00HY	
Código de verificación  4400 4A1E 2E04 0D5Q 0IF1	Expediente 000/2021/98	
	Fecha 01-09-2021	

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A IMPLEMENTACIÓN DE DIFERENTES LIÑAS DE ACTUACIÓN NO MARCO DA COOPERACIÓN INSTITUCIONAL ENTRE ÁMBALAS ADMINISTRACIÓNS.

Reunidos na Coruña, a...de setembro de 2021

INTERVEÑEN

Dunha parte, **D.^a Inés Rey García**, Alcaldesa do Concello da Coruña, en uso das facultades de representación conferidas polo artigo 124.4 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, asistida do Oficial Maior, D. Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden de conformidade co apartado d) da disposición adicional oitava da mesma Lei.

En diante "**CONCELLO**".

E por outra parte,

D. Julio Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con número de CIF 06550005J, actúa en nome e representación da institución citada, en uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta Universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio da Xunta de Galicia (DOG n°100 de 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG n° 201 de 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar acordo en nome da Universidade da Coruña.

En diante tamén denominada como "**UDC**".

EXPOÑEN

1.- A UDC é unha institución pública, dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Lei e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.



2.- O CONCELLO é unha administración pública, dotada de patrimonio e personalidade xurídica, con competencias propias nas materias determinadas no apartado dous do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, nos termos establecidos na lexislación estatal e autonómica.

3.- De xeito conxunto ámbalas administracións, e no marco das súas respectivas competencias, amosan o seu interese na procura dun modelo de cidade en continua transformación, que mellore a dimensión urbana e a contorna metropolitana afondando nas diferentes liñas estratéxicas marcadas comúnmente, no económico, social, ambiental, territorial etc., co obxectivo de construír no marco da colaboración e cooperación interadministrativa, *unha Coruña accesible, inclusiva, sostible, participativa e defensora dos valores democráticos e de convivencia*.

4.- Para a consecución dos obxectivos estratéxicos e globais definidos no punto anterior, ámbalas administracións comprométense a realizar de xeito coordinado diversas actuacións sectoriais, considerándose prioritarias para as dúas administracións no marco da colaboración institucional .

Por canto antecede, os comparecentes, na representación que exercen, manifestan a vontade de ámbalas entidades de subscribiren este convenio marco en materia de colaboración e cooperación interadministrativa cun enfoque global e transversal no desenvolvemento dun mellor modelo de cidade.

Para tal efecto, outorgan este acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Polo presente acordo, UDC e CONCELLO, comprométense a cooperar conxuntamente mediante a realización de diferentes actuacións, programas ou actividades, para o cal se define o seguinte marco programático mediante liñas de actuación sectorial e transversal:

- Liña de actuación 1: *Transporte e Mobilidade Urbana*
- Liña de actuación 2: *Reordenación do espazo urbano*
- Liña de actuación 3: *Mellora das infraestruturas e eliminación de barreiras arquitectónicas*
- Liña de actuación 4: *Educación e xestión medioambiental*
- Liña de actuación 5: *Coruña Inclusiva*
- Liña de actuación 6: *Valores democráticos e recuperación e divulgación da memoria colectiva.*



- Liña de actuación 7: Hábitos saudables e fomento da práctica deportiva.

As actuacións, programas ou actividades a desenvolver en cada unha das liñas de actuación definidas, concretaranse e desenvolveranse de acordo aos **ANEXOS** que acompañan ao presente convenio, formando parte deste, e nos que se recollerán as singularidades e especificacións previstas para cada una das actuacións financiadas.

SEGUNDA.- DEREITOS E OBRIGAS DA UDC.

A UDC comprométese a cumprir cos dereitos e obrigas xerais determinados na normativa aplicable e cos dispostos en cada un dos Anexos que se acompañan, polo que estes dereitos e obrigas estarán en cada caso directamente relacionados coa natureza do plan, programa ou actividade que se vaia a desenvolver.

TERCEIRA.- DEREITOS E OBRIGAS DO CONCELLO.

O CONCELLO comprométese a cumprir cos dereitos e obrigas xerais determinados na normativa aplicable e cos dispostos en cada un dos Anexos que se acompañan, polo que estes dereitos e obrigas estarán en cada caso directamente relacionados coa natureza do plan, programa ou actividade que se vaia a desenvolver.

Para o financiamento das actividades, plans ou actuacións comprendidos no marco do presente convenio, o concello destina unha a cantidade máxima de 490.000 €, que se distribuirá entre as diferentes liñas de actuación, da seguinte forma:

APLICACIÓN	IMPORTE	LIÑA DE ACTUACIÓN	FINALIDADE
10.134 .45100	60.000,00	<u>Liña de actuación 1</u>	Transporte e Mobilidade Urbana
10.151 .45100	50.000,00	<u>Liña de actuación 2</u>	Reordenación do espazo urbano
10.1532.75100	240.000,00	<u>Liña de actuación 3</u>	Mellora das infraestruturas e eliminación de barreiras arquitectónicas
10.1729.45100	10.000,00	<u>Liña de actuación 4</u>	Educación e xestión medioambiental
10.2311.45100	25.000,00	<u>Liña de actuación 5</u>	Coruña Inclusiva
10.3344.45100	40.000,00	<u>Liña de actuación 6</u>	Valores democráticos e recuperación e divulgación da memoria colectiva.
10.341 .45100	45.000,00	<u>Liña de actuación 7</u>	Hábitos saudables e fomento da práctica deportiva.
10.341 .75100	20.000,00		
	490.000 €		



CUARTA .- DURACIÓN.

Ámbalas partes conveñen que este convenio de colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e concluírá segundo o previsto nos respectivos Anexos para cada unha das actuacións comprendidas, establecendo como data límite para o peche de todas elas o día 31 de decembro do presente ano.

QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA.

O presente acordo de colaboración non leva aparellada relación laboral algunha entre o CONCELLO e a UDC, nin cos profesionais que vaian a desenvolver as actividades.

SEXTA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO.

No marco do obxecto do presente acordo de colaboración, os asinantes crearán no prazo de quince días dende a sinatura do presente convenio, unha comisión de seguimento formada por tres membros, que serán nomeados de forma consensuada polas partes, que velará polo desenvolvemento e seguimento da colaboración, sen prexuízo de aquelas outras comisións técnicas que se poidan constituír de acordo co contido dos Anexos.

En ningún caso a creación de dito equipo deberá interpretarse como a creación dun vínculo laboral ou empresarial entre as partes.

SÉPTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS.

Ámbalas partes cumprirán en todo momento coa normativa e lexislación vixente en materia de protección de datos, e especialmente coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, a súa normativa de desenvolvemento e canta normativa resulte da aplicación en cada momento.

No suposto de que as partes comuniquen indistintamente algún dato de carácter persoal, deberán gardar confidencialidade e non aplicar os datos a unha finalidade distinta á estipulada no presente convenio. Esta comunicación, no referido ás actividades, planes e programas previstos nos Anexos só poderá ser realizada previa autorización expresa dos titulares da propiedade dos datos.

Ao finalizar a vixencia do acordo pactado no presente documento, ámbalas partes cancelarán cantos datos de carácter persoal proporcionados respectivamente a este respecto coa finalidade sinalada.

OITAVA. - MODIFICACIÓN DO ACORDO.

As partes poderán modificar o presente acordo en calquera momento, sempre que haxa vontade mutua e inequívoca de ambas.



NOVENA. - RESOLUCIÓN E INCUMPRIMENTO

O acordo de colaboración poderá ser resolto polas seguintes causas:

- (I) Por mutuo acordo das partes.
- (II) Por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

DÉCIMA.- DEREITO APLICABLE E XURISDICIÓN.

O convenio réxese polas súas cláusulas e, no disposto nelas, pola normativa vixente.

Para calquera diverxencia na interpretación ou aplicación do presente acordo, as partes sométense á lexislación española e aos Xulgados e Tribunais de A Coruña, con renuncia a calquera outro foro que puideran corresponderlles.

E en proba de conformidade, asinan as partes por duplicado o presente acordo no lugar e data indicados no seu encabezamento.

Pola UDC

Polo CONCELLO

D. Julio Abalde Alonso

D.^a Inés Rey García

O Oficial Maior, dou fe

Miguel Iglesias Martínez